



CONCELLO DO CORGO

Estrada N - VI, s/n - 27163 - O Corgo - LUGO - Telf.: 982 302 100. Fax: 982 302 068

BANDO

Felipe Labrada Reiña, Alcalde-Presidente do Concello do Corgo

FAGO SABER

Á vista da situación sanitaria actual e en consoancia coas medias acordadas pola Xunta de Galicia, O Concello do Corgo adoptará as seguintes medidas, que entrarán en vigor **a partir de hoxe, día 13 de marzo** e manteranse ata novo aviso:

1º. Peche do Punto de Atención á Infancia, espazos infantís, Centro de Día, Centro Sociocultural e Telecentro.

2º. Suspensión de todas as actividades deportivas, culturais e sociais programadas.

3º. Débese acudir ás oficinas municipais só en caso de **necesidade urxente e inaprazable**. A atención presencial limitarase exclusivamente a estes casos de urxencia e debe chamarse con anterioridade ao teléfono 982 302100 para verificar a citada necesidade urxente e inaprazable. As portas permanecerán pechadas e só se abrirán a aqueles cidadáns que teñan acreditado a citada urxencia.

Poden realizar os seus trámites a distancia dos seguintes xeitos:

- Na sede electrónica municipal: <http://concellodocorgo.sedelectronica.gal>
- Información vía telefónica ou e-mail: 982302100, concello.ocorgo@eidolocal.es; concello.ocorgo@gmail.com

4º. Recomendación a tódalas asociacións e entidades que suspendan as actividades que teñan programadas.

Recoméndase seguir as recomendacións ditadas polo Ministerio de Sanidade e Consellería de Sanidade, en particular:

- Lavar as mas frecuentemente con auga e xabón.
- Cubrir a boca e o nariz co interior do cóbado ao toser ou esbirrar.
- Usar panos desbotables e tiralos ao lixo
- Evitar tocar os ollos, nariz ou boca.
- Non facer viaxes e desprazamentos que non sexan imprescindibles.
- Evitar no máximo posible o contacto físico, especialmente con persoas dos grupos de risco.

TELÉFONOS DE INFORMACIÓN PARA CASOS LEVES: 900 400 116
TELÉFONOS PARA EMERXENCIAS E CASOS GRAVES: 061

PRÉGASE A COLABORACIÓN DE TODOS OS VECIÑOS PARA EVITAR A PROPAGACIÓN DO VIRUS, EVITANDO TODA SITUACIÓN DE RISCO E CUMPRINDO COAS INDICACIÓNS DO MINISTERIO DE SANIDADE.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE Á MARXE

